El examen consta de **4 preguntas obligatorias**: la primera, de respuesta única, con valor de 7 puntos, y las demás, con posibilidad de elección entre apartados, y valor de 1 punto cada una.

PREGUNTA 1. EXPRESIÓN Y COMUNICACIÓN ESCÉNICA / REPRESENTACIÓN Y ESCENIFICACIÓN. (7 puntos)

Usted quiere estrenarse como director teatral, llevando a escena ***Unha rosa é unha rosa,*** de Suso de Toro. Para presentar el proyecto debe explicarle al responsable de Cultura del lugar donde se haga la representación el contexto histórico y literario de la pieza teatral, para que comprenda el valor de la representación en la ciudad de esta obra. También tiene que explicarle, como ejemplo, los procesos necesarios para el diseño de la puesta en escena a partir del siguiente fragmento, detallando las particularidades de las distintas fases que permiten materializar el espectáculo.

ESCENA OITAVA

DOUTOR: (*Todo de negro*) Ola
ADELA: Quen é vostede?
DOUTOR: Son o que acompaño a xente cando morre.
ADELA: Aaah, a morte!
POLOLO: Caronte, o que leva as almas!
DOUTOR: Tranquilícense. Tamén curo catarreiras e fago partos, son doutor en Medicina. Chamáronme vostedes, seica a súa tía estaba un pouco… morta.
POLOLO: Si, si. Parece que ela… morreu un pouco.
ADELA: E como é que ven tan axiña? Non hai un minuto aínda que chamamos. Isto é unha película de terror ou unha obra de teatro para aparecer así tan lixeiro.
POLOLO: Iso, como aparece tan axiña? Non estaría a axexar por aquí fóra?
DOUTOR: Ai, mira ti. E se estivese axexando que? Logo non teñen a conciencia tranquila? Algún crime que agachar, pillabáns?
ADELA: Noooonnn. Ca.
POLOLO: Era un falar.
DOUTOR: Era unha bromiña, era unha bromiña. É que teño un Motorola, parruliños, e pasaba por preto de aquí cando recibín a chamada. Ai, que nervios, como nos poñemos por nada.
POLOLO: Ai, que parrandeiro. Que me sobe o colesterol.
DOUTOR: Clombuterol, clombuterol.
POLOLO: Clombuterol? Pois o clombuterol. Clombuterol?
ADELA: Ande, doutor, vaia alí antes de que se dea unha lipotimia.
DOUTOR: Linotipia, linotipia.
ADELA: Linotipia? Pois antes de que me dea unha linotipia mírenos a tía, a ver se pode facer algo por ela.
DOUTOR: (*Subindo empurrado por Pololo polas escaleiras e ollando para Adela que camiña diante*) Estouna mirando e, se quere, podo facer algo por vostede.
ADELA: Por favor, nun momento así.
DOUTOR: Ben, faríame falta algo máis que un momento. Xa non son novo.

(*Ela empúrrao dentro e cerra. Fica fóra escoitando; Pololo ao pé das escaleiras. O médico colle unha man da morta, déixaa caer. Bebe do vaso, fai gargarexos. Cóllelle o puro á morta, apaña o caderno, mírao, arranca unha folla e sae*)
ADELA: Como a ve?
DOUTOR: (*Baixando*) Mal, mal, eu véxoa mal.
ADELA: Mal?
DOUTOR: Bastante mal. Quedáronme as lentes no auto.
POLOLO: E que lle parece?
DOUTOR: Que morreu.
ADELA: Morreu?
DOUTOR: Naturalmente.
POLOLO: Escriba logo <<morte natural>>.
DOUTOR: Descoiden. E atopei un papeliño en que a finada deixaba un terzo da herdanza á filla dunha sobriña morta, que está no hospicio.
POLOLO: A ver, a ver, que o poida coller eu para ler.
ADELA: Déanolo a nós, que xa o gardaremos.
DOUTOR: Non, non. No estado de prostración e ansiedade en que están poderíano extraviar. Vostedes teñen que tomar un pedante e descansar. Bastante padeceron. O papel xa llo darei eu ao notario, que é meu irmán.
(*Os outros nerviosos ao redor*)

Fragmento de *Unha rosa é unha rosa,* de Suso de Toro

PREGUNTA 2. PATRIMONIO ESCÉNICO / INTERPRETACIÓN. (1 punto)
Responda uno de estos dos apartados:

2.1. Explique las principales características de las diferentes teorías de la interpretación, comparándolas entre sí. Extensión aproximada: 20 líneas. **(1 punto)**
2.2. Explique las principales características de las grandes tradiciones de las artes escénicas (Oriente y Occidente), comparándolas entre sí. Extensión aproximada: 20 líneas. **(1 punto)**

PREGUNTA 3. PATRIMONIO ESCÉNICO. (1 punto)
Responda uno de estos dos apartados:

3.1. Explique cuáles son las principales características de la ópera como arte escénica. Extensión aproximada: 20 líneas. **(1 punto)**
3.2. Explique cuáles son las principales características del circo como espectáculo escénico. Extensión aproximada: 20 líneas. **(1 punto)**

PREGUNTA 4. EXPRESIÓN Y COMUNICACIÓN ESCÉNICA / REPRESENTACIÓN Y ESCENIFICACIÓN / PATRIMONIO ESCÉNICO. (1 punto)
Responda uno de estos dos apartados:

4.1. Explique cuáles son los equipos, las fases y las áreas de trabajo indispensables en el diseño de cualquier espectáculo escénico. Extensión aproximada: 20 líneas. **(1 punto)**
4.2. Explique de forma breve la tipología de las artes escénicas. Extensión aproximada: 20 líneas. **(1 punto)**

O exame consta de **4 preguntas obrigatorias**: a primeira, de resposta única, con valor de 7 puntos, e as demais, con posibilidade de elección entre apartados, e un valor de 1 punto cada unha.

PREGUNTA 1. EXPRESIÓN E COMUNICACIÓN ESCÉNICA / REPRESENTACIÓN E ESCENIFICACIÓN. (7 puntos)

Vostede quere estrearse como director teatral, levando a escena ***Unha rosa é unha rosa,*** de Suso de Toro. Para presentar o proxecto debe explicarlle ao responsable de Cultura do lugar no que se faga a representación o contexto histórico e literario da peza teatral, para que comprenda o valor da representación na cidade desta obra. Tamén ten que explicarlle, a modo de exemplo, os procesos necesarios para o deseño da posta en escena a partir do seguinte fragmento, detallando as particularidades das distintas fases que permiten materializar o espectáculo.

ESCENA OITAVA

DOUTOR: (*Todo de negro*) Ola
ADELA: Quen é vostede?
DOUTOR: Son o que acompaño a xente cando morre.
ADELA: Aaah, a morte!
POLOLO: Caronte, o que leva as almas!
DOUTOR: Tranquilícense. Tamén curo catarreiras e fago partos, son doutor en Medicina. Chamáronme vostedes, seica a súa tía estaba un pouco… morta.
POLOLO: Si, si. Parece que ela… morreu un pouco.
ADELA: E como é que ven tan axiña? Non hai un minuto aínda que chamamos. Isto é unha película de terror ou unha obra de teatro para aparecer así tan lixeiro.
POLOLO: Iso, como aparece tan axiña? Non estaría a axexar por aquí fóra?
DOUTOR: Ai, mira ti. E se estivese axexando que? Logo non teñen a conciencia tranquila? Algún crime que agachar, pillabáns?
ADELA: Noooonnn. Ca.
POLOLO: Era un falar.
DOUTOR: Era unha bromiña, era unha bromiña. É que teño un Motorola, parruliños, e pasaba por preto de aquí cando recibín a chamada. Ai, que nervios, como nos poñemos por nada.
POLOLO: Ai, que parrandeiro. Que me sobe o colesterol.
DOUTOR: Clombuterol, clombuterol.
POLOLO: Clombuterol? Pois o clombuterol. Clombuterol?
ADELA: Ande, doutor, vaia alí antes de que se dea unha lipotimia.
DOUTOR: Linotipia, linotipia.
ADELA: Linotipia? Pois antes de que me dea unha linotipia mírenos a tía, a ver se pode facer algo por ela.
DOUTOR: (*Subindo empurrado por Pololo polas escaleiras e ollando para Adela que camiña diante*) Estouna mirando e, se quere, podo facer algo por vostede.
ADELA: Por favor, nun momento así.
DOUTOR: Ben, faríame falta algo máis que un momento. Xa non son novo.

(*Ela empúrrao dentro e cerra. Fica fóra escoitando; Pololo ao pé das escaleiras. O médico colle unha man da morta, déixaa caer. Bebe do vaso, fai gargarexos. Cóllelle o puro á morta, apaña o caderno, mírao, arranca unha folla e sae*)

ADELA: Como a ve?
DOUTOR: (*Baixando*) Mal, mal, eu véxoa mal.
ADELA: Mal?
DOUTOR: Bastante mal. Quedáronme as lentes no auto.
POLOLO: E que lle parece?
DOUTOR: Que morreu.
ADELA: Morreu?
DOUTOR: Naturalmente.
POLOLO: Escriba logo <<morte natural>>.
DOUTOR: Descoiden. E atopei un papeliño en que a finada deixaba un terzo da herdanza á filla dunha sobriña morta, que está no hospicio.
POLOLO: A ver, a ver, que o poida coller eu para ler.
ADELA: Déanolo a nós, que xa o gardaremos.
DOUTOR: Non, non. No estado de prostración e ansiedade en que están poderíano extraviar. Vostedes teñen que tomar un pedante e descansar. Bastante padeceron. O papel xa llo darei eu ao notario, que é meu irmán.
(*Os outros nerviosos ao redor*)

Fragmento de *Unha rosa é unha rosa,* de Suso de Toro

PREGUNTA 2. PATRIMONIO ESCÉNICO / INTERPRETACIÓN. (1 punto)
Responda un destes dous apartados:

2.1. Explique as principais características das diferentes teorías da interpretación, comparándoas entre si. Extensión aproximada: 20 liñas. **(1 punto)**
2.2. Explique as principais características das grandes tradicións das artes escénicas (Oriente e Occidente), comparándoas entre si. Extensión aproximada: 20 liñas. **(1 punto)**

PREGUNTA 3. PATRIMONIO ESCÉNICO. (1 punto)
Responda un destes dous apartados:

3.1. Explique cales son as principais características da ópera como arte escénica. Extensión aproximada: 20 liñas. **(1 punto)**
3.2. Explique cales son as principais características do circo como espectáculo escénico. Extensión aproximada: 20 liñas. **(1 punto)**

PREGUNTA 4. EXPRESIÓN E COMUNICACIÓN ESCÉNICA / REPRESENTACIÓN E ESCENIFICACIÓN / PATRIMONIO ESCÉNICO. (1 punto)
Responda un destes dous apartados:

4.1. Explique cales son os equipos, as fases e as áreas de traballo indispensables no deseño de calquera espectáculo escénico. Extensión aproximada: 20 liñas. **(1 punto)**
4.2. Explique de forma breve a tipoloxía das artes escénicas. Extensión aproximada: 20 liñas. **(1 punto)**